

**CONCELLO DE
OLEIROS**

ANUNCIO

Despois da reunión do órgano de selección nomeado para xulgar o proceso para cubrir unha praza de **educador/a social** (persoal laboral fixo), polo sistema de concurso oposición, de acordo coas bases aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2022006143, do 15 de decembro (convocatoria do proceso selectivo aprobado de acordó artigo 2 da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), o tribunal acorda:

Primeiro.- Publicar a batería de preguntas á que fai referencia o punto 10.08 das bases que rexen na convocatoria, e que figuran como anexo a este anuncio.

Segundo.- Convocar ás persoas aspirantes para realizar a proba da fase de oposición (exame de coñecementos tipo test), que terá lugar o día **26 de abril de 2024** no Centro Municipal de Formación (rúa dos Regos, 24, Liáns, Oleiros). O chamamento comezará ás **10.00 h** polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra "H". As persoas aspirantes deberán vir provistas do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente por Mar Ponte Maestre, secretaria do tribunal.

Anexo Batería de preguntas:

1.- Que artigo da Constitución Española de 1978 recolle o seguinte texto?: "Corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en que se integra sean reales y efectivas; remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, económica, cultural y social. "

- a) Artigo 9.1
- b) Artigo 9.2
- c) Artigo 9.3
- d) Ningunha é correcta


2.- Que artigo da Constitución Española de 1978 relacionado coas persoas con discapacidade foi reformado recentemente?

- a) Artigo 47
- b) Artigo 48
- c) Artigo 49
- d) Ningunha é correcta

3.- Segundo a lei 7/85 reguladora das bases do réxime local en que condicións poderán prestar servizos sociais os concellos?

- a) Nos términos que estableza a lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas
- b) Só se teñen máis de 10.000 habitantes
- c) Só se teñen máis de 20.000 habitantes
- d) Só o se teñen máis de 50.000 habitantes





CONCELLO DE OLEIROS

- 4.- O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 2.2 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, está integrado por:
- O conxunto de servizos, programas e prestacións de titularidade pública
 - O conxunto de servizos, programas e prestacións de titularidade privada
 - A e B son correctas
 - A actividade desenvólta pola Comunidade autónoma, administración competente en materia de servizos sociais
- 5.- Segundo o artigo 3 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia cal destes é un obxectivo do sistema galego de Servizos Sociais:
- Dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade
 - Fomentar o internamento en centros de protección da infancia desprotexida
 - A e B son correctas
 - Ningunha é correcta
- 6.- Cal destes non é un principio recollido no artigo 4 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia?:
- Equidade
 - Transparencia
 - Equilibrio territorial
 - Autonomía persoal
- 7.- De acordo ao artigo 9 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente:
- Social
 - Global
 - Integral
 - Local
- 8.- De acordo ao artigo 8 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia os servizos sociais especializados son:
- Un sistema especializado
 - Uns programas que dan resposta a necesidades especializadas
 - Un nivel de actuación
 - Ningunha é correcta
- 9.- De acordo ao artigo 10 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia os servizos sociais comunitarios básicos responderán a unha estrutura organizativa:
- Que estableza a administración titular do servizo adaptada aos requisitos e dotacións mínimas que se determinen regulamentariamente
 - Que estableza a administración local de acordo aos seus recursos humanos e económicos
 - Que estableza a administración autonómica
 - Ningunha é correcta
- 10.- Cal destas é unha función dos servizos sociais comunitarios recollidos no artigo 11 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia?:
- A participación na xestión das prestacións económicas nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social
 - O seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social
 - A e B son correctas
 - Ningunha é correcta
- 11.- De acordo ao artigo 12 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia os servizos sociais comunitarios específicos poderán ter un carácter comarcal?
- Si
 - Non





c) Si, pero só para ás persoas incluídas no sistema de atención á dependencia

CONCELLO DE OLEIROS

d) Si, pero só se a comarca está integrada por 3 ou máis concellos

12.- De acordo ao artigo 23 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia a intervención profesional nos servizos sociais terá como norma xeral:

- a) Un carácter local e individualizado na búsqueda dunha atención integral
- b) Un carácter aberto na búsqueda dunha atención integral
- c) Un carácter multidisciplinar na búsqueda dunha atención integral
- d) Un carácter interdisciplinar na búsqueda dunha atención integral

13.- De acordo ao recollido no artigo 24 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia o/a educador/a social pode ser a persoa responsable dunha intervención ou dun programa nos servizos sociais comunitarios?

- a) Non
- b) Non, só pode ser a persoa profesional de referencia
- c) Non, só pode ser o/a traballador/a social
- d) Si

14.- Cal destes non é un dereito recoñecido no artigo 4 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento?:

- a) Coñecer a situación do seu expediente no caso de estar pendente de resolución
- b) Ser tratado/a co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía
- c) Ter unha persoa profesional de referencia
- d) Ningunha é correcta

15.- Cal destes é un deber recollido no artigo 5 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento?:

- a) Cumprir as normas para o acceso aos diferentes servizos
- b) Cumprir os requisitos para o acceso aos diferentes servizos
- c) Cumprir os procedementos para o acceso aos diferentes servizos
- d) Todas son correctas

16.- De acordo ao recollido no artigo 6.1 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento “os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter...”:

- a) Local e polivalente
- b) Local, aberto e polivalente
- c) Local, integrador e polivalente
- d) Local, aberto, integrador e polivalente


17.- De acordo ao recollido no artigo 7 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento “os centros de servizos sociais comunitarios básicos” deben contar con:

- a) Uns espazos para entrevistas e reunións que garantan a privacidade
- b) Conexión telefónica e a internet
- c) A e B son correctas
- d) Ningunha é correcta

18.- De acordo ao recollido no artigo 8 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, o estudo e diagnóstico social da comunidade é unha función dos servizos sociais comunitarios?

- a) Si
- b) Si, pero só das zonas conflictivas do termo municipal
- c) Si, pero só se están referidas a un colectivo de persoas determinado
- d) Non, é unha competencia autonómica





**CONCELLO DE
OLEIROS**

19.- De acordo ao recollido no artigo 9 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, cal destes é un dos programas e servizos dos servizos sociais comunitarios básicos?

- a) Programa de educación e apoio familiar
- b) Programa de educación familiar e de apoio á infancia
- c) Programa de educación familiar e menores
- d) Servizo de educación e apoio familiar

20.- De acordo ao recollido no artigo 9 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que perspectiva deben incorporar os servizos sociais comunitarios básicos na formulación e desenvolvemento dos seus programas?

- a) Prevención
- b) Integralidade e prevención
- c) Anticipación e prevención
- d) Ningunha é correcta

21.- De acordo ao recollido no artigo 21 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a intervención profesional con familias, no marco do Servizo de Educación e Apoio familiar, poderá ser realizada por:

- a) Só por persoal técnico ao servizo da administración pública titular do servizo
- b) Só por persoal técnico ao servizo da administración pública titular do servizo ou subcontratado a estes efectos
- c) Só polos/as educadores/as sociais ao servizo da administración pública titular do servizo
- d) Só por persoal técnico ao servizo dalgunha administración pública

22.- Segundo o artigo 40 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre as posibles fontes de financiación dos servizos sociais comunitarios están:

- a) Os créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos
- b) Os copagos das persoas usuarias dos servizos
- c) As aportacións da Xunta de Galicia e das deputacións provinciais
- d) Todas son correctas

23.- Segundo o artigo 41.2 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, para poder recibir financiación da Xunta de Galicia, un concello debe:

- a) Exercer as competencias establecidas no decreto
- b) Exercer as competencias establecidas no decreto e presentar o proxecto anual dos servizos sociais comunitarios municipais
- c) Exercer as competencias establecidas no decreto, presentar o proxecto anual dos servizos sociais comunitarios municipais e prestalos de forma individualizada
- d) Exercer as competencias establecidas no decreto, presentar o proxecto anual dos servizos sociais comunitarios municipais e prestalos de forma agrupada


24.- En que parroquia está o punto de atención dos servizos sociais comunitarios do Concello de Oleiros situados no edificio Villa Etcheverry?

- a) Perillo
- b) Santa Cristina
- c) Santa Cruz
- d) Oleiros

25.- Cal é a parroquia con máis poboación do Concello de Oleiros?

- a) Perillo
- b) Santa Cruz
- c) Santa Cristina
- d) Ningunha é correcta





**CONCELLO DE
OLEIROS**

26.- Cantas parroquias ten o Concello de Oleiros?

- a) 7
- b) 8
- c) 9
- d) 10

27.- En que ano se aprobou a actual Ordenanza Municipal de Medidas de Inclusión Social (OMIS) do Concello de Oleiros?:

- a) 2020
- b) 2021
- c) 2022
- d) 2023

28.- Que contía do coste mensual do comedor escolar cubren as prestacións de apoio a comedores escolares do Concello de Oleiros recollidas na Ordenanza Municipal de Medidas de Inclusión Social (OMIS)?

- a) 100%
- b) 80%
- c) 75%
- d) 50%

29.- É necesario estar empadroado no Concello de Oleiros para poder acceder ás medidas de inclusión social recollidas na ordenanza?

- a) Non, pero hai que acreditar estar en situación de vulnerabilidade
- b) Si, pero non se esixe período mínimo de empadramento previo á solicitude
- c) Si, e esíxese, con carácter xeral, catro mes de empadramento previo á solicitude
- d) Ningunha é correcta

30.- Para determinar os ingresos da unidade familiar que determinan o posible acceso a algunha das medidas de inclusión social recollidas na ordenanza do Concello de Oleiros, pódense descontar algún dos gastos que teña esa unidade familiar?

- a) Non
- b) Si, o aluguer da vivenda ou a hipoteca nuns límites que dependen do número de persoas que integran a unidade familiar
- c) Si, o aluguer da vivenda ou a hipoteca, así como os gastos básicos de subministracións, nuns límites que dependen do número de persoas que integran a unidade familiar
- d) Si, o aluguer da vivenda ou a hipoteca, así como os gastos básicos de subministracións e de alimentación, nuns límites que dependen do número de persoas que integran a unidade familiar

31.- O/A educador/a social dos servizos sociais comunitarios ten acceso ao Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais?


- a) Non
- b) Si
- c) Si, pero só ao módulo de Desprotección Infantil
- d) Si, pero só aos módulos de Desprotección Infantil e Violencia de Xénero

32.- A efectos da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia son familias de especial consideración:

- a) As familias numerosas
- b) As familias acolledoras
- c) As familias monoparentais
- d) Todas as respostas son correctas

33.- Segundo a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia en que ámbitos as persoas membros das familias de especial consideración teñen un trato preferente?:





CONCELLO DE OLEIROS

- a) No ámbito educativo e formativo
- b) No ámbito do lecer, tempo libre e cultura
- c) No ámbito do transporte público
- d) Todas as respostas son correctas

34.- De conformidade coa lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia considérase unha situación de risco:

- a) As condutas aditivas nas persoas que integran a unidade familiar e, en especial, das que posúen a patria potestade ou a tutela, sempre que menoscaben gravemente o desenvolvemento da persoa menor
- b) O abandono da persoa menor de idade
- c) A falta de atención física ou intelectual da persoa menor de idade por parte dos seus pais, nais, titoros, titoras ou gardadores ou gardadoras que supoña un prexuízo leve para a súa saúde física ou emocional
- d) A negligencia grave no cumprimento das obrigas alimentarias, hixiénicas ou de saúde, sempre que supoña un prexuízo grave para a integración da persoa menor de idade

35.- De conformidade coa lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia a que idade son responsables penalmente as persoas menores que cometan delitos ou faltas tipificadas no Código penal?:

- a) Maiores de 12 anos e menores de 18
- b) Maiores de 14 anos e menores de 18
- c) Maiores de 16 anos e menores de 18
- d) Todas as respostas son incorrectas

36.- De conformidade coa lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia cal dos seguintes non é un principio de actuación do sistema de reeducación de menores:

- a) O respecto ao libre desenvolvemento da personalidade da persoa menor de idade
- b) A información dos dereitos que lles corresponden en cada momento ás persoas menores de idade
- c) O carácter interdisciplinario na toma de decisións
- d) O desenvolvemento de actuacións prioritariamente en centros residencias

37.- Os concellos, no exercicio das competencias atribuídas en materia de protección de menores, deberán levar a cabo:

- a) A autorización, a habilitación, a inspección e o control dos centros que presten servizos de atención á infancia e á adolescencia no seu territorio
- b) A xestión pública do procedemento adoptivo
- c) A prevención, a apreciación e a intervención nas situacións de risco en que se poidan atopar as persoas menores de idade
- d) A e B son correctas

38.- Cal das seguintes non é unha modalidade de acollemento familiar:

- a) Acollemento familiar simple
- b) Acollemento familiar múltiple
- c) Acollemento familiar permanente
- d) Acollemento familiar pre-adoptivo

39.- Segundo a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, as funcións de mediación entre a persoa menor infractora e a vítima ou persoa prexudicada serán realizadas por:

- a) Os equipos técnicos do menor da Xefatura Territorial da Consellería competente
- b) Os equipos técnicos dos xulgados de menores
- c) Os equipos técnicos dos servizos sociais comunitarios básicos
- d) Os equipos técnicos dos servizos sociais comunitarios específicos

40.- No caso de persoas menores infractoras, cal das seguintes non é unha medida en medio aberto:

- a) A permanencia de fin de semana no domicilio
- b) A prestación de beneficio da comunidade





c) O internamento en centro en réxime aberto

**CONCELLO DE
OLEIROS**

d) A liberdade vixiada

41.- De conformidade coa lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a adopción é unha medida de protección dirixida ás persoas menores de idade que se atopan:

- a) Nunha situación de risco
- b) Nunha situación de exclusión social
- c) Nunha situación de desamparo
- d) A adopción non é unha medida de protección de menores

42.- Cantas liñas estratéxicas vertebran o II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros:

- a) 3
- b) 4
- c) 5
- d) 6

43.- No II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros a medida de actuación “promoción xeneralizada dun uso non sexista da linguaxe e das imaxes, tanto na comunicación interna como externa municipal”, en que liña estratéxica se encadra?:

- a) Violencia de xénero e outras violencias machistas
- b) Goberno municipal
- c) Participación social no cambio de valores e empoderamento das mulleres
- d) Non é unha medida de actuación do II Plan de Igualdade

44.- Cal dos seguintes é un principio reitor do II Plan de Igualdade:

- a) Interseccionalidade
- b) Empoderamento das mulleres
- c) Participación
- d) Todas son correctas

45.- Cal é a vixencia do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros:

- a) 2020-2024
- b) 2021-2024
- c) 2022-2025
- d) 2023-2026

46.- O pleno do Comité de Ética en Intervención Social As Mariñas (CEIS As Mariñas) é:

- a) Un órgano unipersoal
- b) Un órgano colexiado
- c) Un órgano administrativo
- d) Ningunha resposta é correcta


47.- O acordo para que unha persoa forme parte do CEIS As Mariñas debe adoptarse:

- a) Por unanimidade dos/das membros presentes na votación
- b) Por maioría simple das persoas integrantes do Comité
- c) Por maioría de 2/3 dos/das membros presentes na votación
- d) Por maioría de 3/4 das persoas integrantes do Comité

48.- Como órgano colexiado, as comisións delegadas do CEIS As Mariñas estarán constituídas por:

- a) 3 persoas integrantes do Comité
- b) 4 persoas integrantes do Comité
- c) 5 persoas integrantes do Comité
- d) As comisións delegadas non son un órgano colexiado do CEIS As Mariñas





CONCELLO DE OLEIROS

49.- En que ano se creou o CEIS As Mariñas:

- a) 2017
- b) 2018
- c) 2019
- d) 2020

50.- O ámbito territorial do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas é:

- a) Os concellos que integran a Comarca de As Mariñas
- b) Os concellos que integran o Consorcio de As Mariñas
- c) Os concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Oleiros e Sada
- d) Ningunha resposta é correcta

51.- O Gabinete de inserción laboral do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas está integrado por:

- a) Unha técnica de inserción e tres preparadoras laborais
- b) Unha psicóloga e catro preparadoras laborais
- c) Unha psicóloga, unha técnica de inserción e catro preparadoras laborais
- d) Unha psicóloga, unha técnica de inserción e dúas preparadoras laborais

52.- O Gabinete de inserción sociolaboral do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas está dirixido a:

- a) A colectivos de difícil inserción no mercado laboral ordinario
- b) A persoas con discapacidade intelectual
- c) A persoas con enfermidade mental
- d) Todas as respostas son correctas

53.- Na mediación familiar, a persoa mediadora actúa de forma:

- a) Neutral
- b) Parcial
- c) Confidencial
- d) A e C son correctas

54.- De conformidade á lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, para a adopción da medida de acollemento, cal dos seguintes criterios é verdadeiro:

- a) Dar prioridade ao acollemento residencial sobre o familiar
- b) Limitar as relacións entre a persoa menor e a súa familia natural para evitar o contacto coa mesma
- c) Propiciar a separación de irmáns para non sobrecargar a figura de acollemento
- d) Manter a medida de acollemento o tempo estritamente necesario


55.- De conformidade coa lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, cando a gravidade da situación o requira os/as profesionais dos servizos sociais poderán acompañar a unha persoa menor de idade a un centro sanitario:

- a) Nunca
- b) Só con autorización de quen exerza as funcións de tutela, garda ou acollemento
- c) Só se vai acompañado/a das forzas ou corpos de seguridade
- d) Todas as respostas son incorrectas

56.- Segundo a lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero considerárase prioritaria a asistencia psicolóxica gratuíta para as mulleres que sufran violencia de xénero e ademais presenten:

- a) Problemas de saúde mental
- b) Dependencia de substancias aditivas
- c) Patoloxías que requiran un tratamento psicolóxico específico
- d) Todas as respostas son correctas





CONCELLO DE OLEIROS

57.- Nos casos de declaración da situación de desamparo dunha persoa menor, o trámite de audiencia poderá omitirse:

- a) Nos casos de ingreso en centro residencial da persoa menor
- b) Nos casos de acollemento familiar da persoa menor
- c) Nos casos de urxencia con grave risco para a persoa menor
- d) Nunca

58.- A efectos da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por infancia o período de vida das persoas comprendido:

- a) Desde o nacemento ata os 14 anos de idade
- b) Desde o nacemento ata os 12 anos de idade
- c) Desde o nacemento ata os 10 anos de idade
- d) Todas as respostas son incorrectas

59.- En que Título da lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, están reguladas as medidas de protección e asistencia fronte á violencia de xénero?:

- a) Título preliminar
- b) Título I
- c) Título II
- d) Título III

60.- Cal dos seguintes non é un principio xeral do código deontolóxico do/da profesional de Educación Social:

- a) Interseccionalidade
- b) Xustiza social
- c) Respecto aos dereitos humanos
- d) Autonomía profesional

61.- Que artigo do código deontolóxico do/da profesional de Educación Social contempla que o/a dito/a profesional “será consciente de cal é a información relevante que precisa obter das propias persoas e/ou do seu ámbito” :

- a) Artigo 3
- b) Artigo 7
- c) Artigo 16
- d) Artigo 20

62.- A Sección Quinta do Capítulo III do código deontolóxico do/da profesional de Educación Social fai referencia a:

- a) O/a educador/a social en relación coa súa profesión
- b) O/a educador/a social en relación coa sociedade en xeral
- c) O/a educador/a social en relación coa institución onde realiza o seu traballo
- d) O/a educador/a en relación cos suxeitos da acción socioeducativa


63.- Na definición de Educación Social proposta polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES: Revista de Educación Social nº15 ano 2012), inclúese:

- a) A Educación social como un deber da cidadanía
- b) A Educación social como un dereito da cidadanía
- c) A Educación social como un principio da cidadanía
- d) Ningunha é correcta

64.- Segundo o Consello Xeral de Colexios oficiais de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES: RES nº15 ano 2012), cal das seguintes é unha función principal da Educación social nos Servizos Sociais Comunitarios?

- a) A transmisión, desenvolvemento e promoción da cultura
- b) A mediación social, cultural e educativa
- c) A catalogación e rexistro dos recursos comunitarios





CONCELLO DE OLEIROS

d) A e B son correctas

65.- Segundo o Consello Xeral de Colexios oficiais de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES: RES nº15 ano 2012), sinala os ámbitos de intervención da Educación Social:

- a) O traballo individual e familiar
- b) O traballo grupal e comunitario
- c) A xestión de Servizos
- d) Todas son correctas

66.- Segundo o Consello Xeral de Colexios oficiais de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES), son funcións propias da Educación Social no traballo individual e familiar:

- a) A elaboración de informes socioeducativos pertinentes
- b) A participación dos grupos de traballo que existan no seu ámbito xeográfico
- c) A promoción da organización e animación da comunidade
- d) Todas son correctas

67.- De conformidade co Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, o servizo de educación e apoio familiar perseguirá de xeito prioritario os seguintes obxectivos:

- a) Promover a adquisición, por parte das familias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas, fomentando a educación en igualdade e a corresponsabilidade.
- b) Realizar o seguimento e a intervención nas familias con derivación aos servizos sociais especializados de menores, de cara a súa reintegración social e familiar
- c) A e B son correctas
- d) Ningunha é correcta

68.- De conformidade co Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, as entidades locais titulares do Servizo de educación e apoio familiar, están suxeitas a:

- a) O réxime de inspección do sistema galego de Servizos Sociais recollido na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia
- b) O réxime sancionador recollido na Lei 23/2018 de Servizos Sociais de Galicia
- c) O réxime controlador recollido na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia
- d) A e B son correctas

69.- Segundo o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (CEESG), en que ano se realiza o recoñecemento académico da profesión de Educación Social?

- a) 1989
- b) 1990
- c) 1991
- d) 1992


70.- Segundo o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (CEESG), o desempeño da súa profesión está fundamentada en:

- a) Actuar baixo principios baseados na xustiza social e nos dereitos humanos
- b) Fomentar políticas sectoriais e segregadas
- c) A e B son correctas
- d) Ningunha é correcta

71.- Unha das técnicas na metodoloxía de grupos para romper cos subgrupos establecidos e potenciar a creación de grupos máis diversos é:

- a) O método Glasglow
- b) O método Oxford
- c) O método Cambridge
- d) O método Birmingham





CONCELLO DE OLEIROS

72.- As actividades especialmente complexas de control do medio físico e do entorno social que permiten ao individuo desenvolver un rol social, manter a saúde mental e desfrutar dunha excelente calidade e vida son:

- a) Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD)
- b) Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD)
- c) Actividades Autónomas da Vida Diaria (AAVD)
- d) Actividades Avanzadas da Vida Diaria (AAVD)

73.- Que tipo de actividades define a OMS como aquelas que executa unha persoa e están referidas aos niveis mais elementais, como son a comida, o aseo persoal, vestirse, a mobilidade e a contención de esfínteres:

- a) Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD)
- b) Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD)
- c) Actividades Autónomas da Vida Diaria (AAVD)
- d) Actividades Avanzadas da Vida Diaria (AAVD)

74.- A definición proposta polo autor Manuel Cuenca Cabeza: “O espazo temporal oposto ao do traballo no que a ausencia de obrigas permítenos levar a cabo accións de calquera tipo. É algo obxectivo, medible e cuantificable” correspóndese con:

- a) O ocio
- b) O tempo de lecer
- c) A e B son correctas
- d) Ningunha é correcta

75.- Para o acompañamento as persoas en proceso de deshabitación e rehabilitación é importante?

- a) Excluir á rede familiar e social da persoa para desenvolver a intervención.
- b) Censurar as posibles recaídas durante o proceso de deshabitación.
- c) Realizar un plan e traballo consensuado coa persoa en proceso de deshabitación
- d) Ningunha é correcta

76.- Entre as actividades da Educación Social no ámbito familiar, non se contempla:

- a) A organización e economía doméstica.
- b) A substitución das funcións parentais
- c) O adestramento en habilidades sociais.
- d) A integración dos menores no medio escolar.

77.- Pódese considerar o plan de traballo como:

- a) Unha técnica especializada
- b) Un documento estático
- c) Unha ferramenta básica para a intervención socioeducativa
- d) Ningunha é correcta


78.- O plan de traballo, no contexto da intervención en educación social, debe incluír cando menos:

- a) Uns obxectivos que sexan realizables
- b) A temporalización
- c) A y B son correctas
- d) Ningunha é correcta

79.- O plan de traballo, no contexto da intervención en educación social, permite:

- a) A toma de conciencia dos acordos adoptados na intervención familiar
- b) Orientar a intervención familiar
- c) A y B son correctas
- d) Ningunha é correcta





CONCELLO DE OLEIROS

80.- A figura profesional da Educación Social actúa como:

- a) Axente de cambio social.
- b) Dinamizadora de grupos sociais.
- c) Implementadora de estratexias educativas
- d) Todas son correctas

81.- Cal das seguintes non é unha das principais funcións da figura da educación social no ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios?:

- a) O coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos
- b) A tramitación de axudas económicas
- c) A xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos sociais
- d) A mediación social, cultural e educativa

82.- Que concepto elimina a Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica?

- a) A discapacidade
- b) A invalidez
- c) A incapacitación
- d) A incapacidade temporal

83.- Segundo a Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, as medidas de natureza voluntaria son:

- a) As establecidas pola persoa con discapacidade
- b) As establecidas pola figura do/a defensor/a xudicial
- c) As establecidas pola autoridade xudicial
- d) Todas as respostas son correctas

84.- Segundo a Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, a curatela debe aplicarse:

- a) Cando a necesidade de apoio é ocasional
- b) Cando a necesidade de apoio é continuada
- c) Nunca debe de aplicarse, pois coarta a liberdade da persoa con discapacidade
- d) Sempre e cando a persoa con discapacidade estea de acordo

85.- Cantos Institutos de Ensino Secundario (IES), de carácter público, existen no termo municipal do Concello de Oleiros?

- a) 1
- b) 2
- c) 3
- d) 4


86.- En que Centro de Saúde do Concello de Oleiros existe unha Unidade de Saúde Mental:

- a) Centro de Saúde de Perillo
- b) Centro de Saúde de Santa Cruz
- c) Centro de Saúde de A Covada
- d) PAC de Santa Cruz

87.- En que parroquia está ubicado o CEIP Juana de Vega:

- a) Perillo
- b) Lians
- c) Iñás
- d) Nós





CONCELLO DE OLEIROS

88.- O Centro de protección de Menores Lar a Mercé, situado en Oleiros, a que nivel de actuación corresponde:

- a) Servizos sociais comunitarios básicos
- b) Servizos sociais comunitarios específicos
- c) Servizos sociais especializados
- d) Ningunha é correcta

89.- No exercicio das competencias atribuídas en materia de infancia e adolescencia, a Xunta de Galicia levará a cabo:

- a) A garda das persoas menores desamparadas
- b) A imposición de medidas xudiciais a persoas menores infractoras
- c) A tutela das persoas menores desamparadas
- d) Todas as respostas son incorrectas

90.- A técnica de Role Playing é:

- a) Unha técnica de presentación
- b) A representación dun soliloquio
- c) Unha técnica de resolución de conflitos
- d) A representación dun papel asinado

91.- Segundo a publicación Sorribas M. (2014): “Atención a las Unidades de Convivencia” Ed: ALTAMAR S.A, en que categoría está o obxectivo: Instruír ao pai e á nai na adquisición de habilidades parentais básicas:

- a) Prevención
- b) Concienciación
- c) Capacitación
- d) Apoio

92.- Segundo a publicación Castillo, S. (2016): “Habilidades sociales” Ed: ALTAMAR S.A., entendemos por un conflito latente:

- a) Aquel que se reconece e se fai público
- b) Aquel que existe sen que se manifeste claramente
- c) Aquel que é difícil de identificar
- d) Aquel que ambas partes asumen a imposibilidade de resolvelo

93.- Unha persoa pode solicitar o cambio de profesional de referencia?

- a) Si, se está motivado
- b) Si, só se hai un cambio de concello
- c) Si, só se hai unha relación familiar
- d) Non


94.- Cal destas é unha medida de inclusión social recollida na ordenanza do Concello de Oleiros?

- a) Prestación farmacéutica
- b) Apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica
- c) Prestación de apoio ao comedor escolar
- d) Todas son correctas

95.- De conformidade coa lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, os equipos de intervención dos servizos sociais que traballen no ámbito da violencia sobre as persoas menores de idade deben estar constituídos, preferentemente, por:

- a) Profesionais da educación social
- b) Profesionais de traballo social
- c) Profesionais da avogacía, especializados/as en casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia
- d) Todas as respostas son correctas





CONCELLO DE OLEIROS

96.- No II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros o obxectivo específico Continuar fomentando o autocoidado para mellorar o nivel de saúde e benestar social desde unha perspectiva de xénero, en que liña estratéxica se recolle?:

- a) Liña estratéxica 1
- b) Liña estratéxica 2
- c) Liña estratéxica 3
- d) Liña estratéxica 4

97.- O acceso económico para as medidas de inclusión social do Concello de Oleiros calcúlase en base a:

- a) O Salario Mínimo Interprofesional (SMI)
- b) O Ingreso Mínimo Vital (IMV)
- c) O Indicador Público de Rendos de Efectos Múltiples (IPREM)
- d) Ningunha é correcta

98.- Segundo o documento Funcións das educadoras e educadores sociais por ámbitos de actuación (CEESG, 2017), cal destes non é un ámbito de actuación?:

- a) A educación para a saúde
- b) As persoas sen fogar
- c) A asesoría xurídica
- d) A diversidade funcional

99.- En que artigo do Estatuto de Autonomía para Galicia recóllese a competencia de promoción do desenvolvemento comunitario:

- a) Artigo 25
- b) Artigo 27.23
- c) Artigo 27.24
- d) Ningunha é correcta

100.- Por cal dos principios seguintes deben guiarse as actuacións ante situacións de desprotección social dos/das menores:

- a) De máxima intervención
- b) De intervención mínima
- c) De intervención mínima e proporcionalidade
- a) De inmediatez na resposta e celeridade na intervención

